



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Inclusión Social



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ENTIDADE EMAÚS FUNDACIÓN SOCIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO INCLÚE (SEGUNDA FASE).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Arturo Parrado Ponte, director xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social

DECLARA:

Que o instrumento convencional arriba referido ten un período de vixencia que abrangue dende o 23 de setembro de 2016 ata o 31 de maio de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular o marco de cooperación entre a Consellería de Política Social e Emaús Fundación Social para realizar unha análise técnica dos procesos de exclusión social nas persoas, para obter como resultado unha definición consensuada de exclusión social e unha ponderación dos factores de integración social e laboral que inflúen nas persoas afectadas por ditos procesos na comunidade galega. Os resultados desta análise e ponderación técnica deberá reflectirse na ferramenta de valoración de base tecnolóxica xa iniciada na primeira fase deste proxecto.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

Que, dentro das prioridades Estratexia para a Inclusión Social de Galicia 2014-2020, se encontra evitar a transmisión da pobreza entre xeracións a través de novos enfoques e metodoloxías na intervención con persoas e familias, así como a aumentar o coñecemento sobre a inclusión social no noso país, coa fin de mellorar a planificación e execución das diferentes políticas sectoriais.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Inclusión Social

galicia

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 8 de febreiro de 2017.

O director xeral de Inclusión Social

Arturo Parrado Puente

